

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES:



### EU TAMÉN TE QUERO.

O amor está presente en cada unha das relacións humanas. Propiciar actividades que no seu contido leven implícitos sentimentos de comprensión e afecto é a vía máis eficaz para formar o amor nos nenos.

Nesta actividade propoñemos que fagades un corazón de cartolina grande. E que coloquedes a foto dos seres queridos dos nenos. Unha vez tiñamos todas as fotos, podedes decorar a páxina con acuñados, corazóns de cores... .



### O BOTE DAS EMOCIÓNS

Quixera compartir convosco unha idea estupenda para tentar parchear a saudade que sentimos das nosas persoas queridas, mentres dura a corentena.

A actividade consiste en que, no momento en que comezas a botar de menos a unha persoa querida, lle dediques un tempo no que fagas un debuxo, unha poesía, un pensamento, un vale por un bico, por unha aperta, o que ti queiras... e a metas nunha caixa ou nun bote co seu nome.

Cando todo isto pase terás un agasallo único e estupendo para esa persoa a quen queres. Podes facer tantos botes como precisases.

Anímaste?